

Convocatoria da sesión extraordinaria urxente do Pleno da Corporación do mércores 13 de setembro de 2023

CONSIDERANDO que prazo de presentación da subvención correspondente a Convocatoria de subvenciones para apoio a proxectos transformadores para a promoción da bioeconomía ligada ao ámbito forestal e a contribución a transición ecolóxica no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU para o exercicio 2023, remata o 15 de setembro de 2023

E en aplicación do previsto nos artigos 79 e 80 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e en uso das competencias que me atribúe o artigo 21,1 c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

1. CONVOCAR unha sesión extraordinaria urxente do Pleno da Corporación.

Data: mércores 13 de setembro de 2023
Hora: 20:00
Lugar: Salón de Plenos - Casa do Concello

ORDE DO DÍA:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA

2. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 657/2023 DE 30.06.2023: PRESENTAR O PROXECTO: LABORATORIO ECOSOCIAL DO BARBANZA ANTE O PLENO DA CORPORACIÓN

2. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros do Pleno, remitíndolles unha copia das actas e dos expedientes que conforman a orde do día, **facéndolles saber que, de conformidade co disposto no artigo 14.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para desenvolveren a súa función, e singularmente das que terán que servir de antecedente para as decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como evitar a reprodución da documentación que lles sexa facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.**
3. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello na vindeira sesión que se celebre.